



COMUNICADO EDUCACIÓN INFANTIL

O venres colgábamos unhas fotos das aulas vacías...vacío é o sentimento que se nos pon cando accedemos a elas...en solitario... Para cumprir cas medidas que nos marcan, non podemos nin sequera vernos as dúas profes, o venres unha e hoxe vai a outra...esta é a situación na que temos que traballar...simplemente con contacto telefónico e ordenador... 😊

É unha situación moi difícil para todos, e o que máis nos gustaría é comunicar que todo volverá a ser como antes e nos xuntaremos pronto...pero non temos nin a certeza de que así sexa... e non nos atrevemos a vaticinar nada...

Por este motivo, e dado que non todos contan con Internet para poder seguir o proceso que estabamos levando a cabo, nin con material moitas veces, decidimos facer este confinamento un pouco máis ameno as nosas castoras e castores...

A PARTIR DESTA SEMANA RECIBIREDES TODOS UN PAQUETIÑO! 😊

Silvia e Henar, cumprindo coas medidas establecidas (guantes, mascarilla, limpeza...) preparamos o material do terceiro trimestre para que o poidades utilizar...espero que vos guste a idea!

Aínda que a recomendación é non avanzar no currículo, consideramos que en Infantil non é avanzar senón seguir reafirmando os coñecementos existentes, motivarse coas mascotas e material que tanto lles gusta e seguir estando preto da súa rutina escolar aínda que sexa dende a casa...

A nosa proposta é seguir como ata agora, colgando recomendacións na web do cole, polas redes sociais, pero tamén ir indicando o que se pode facer das fichas, con material relacionado, para seguir unha orde...Esperamos que a nosa iniciativa sexa ben recibida!

Hoxe temos unha reunión virtual todo o profesorado, para determinar máis normas...maña comentáremolo!

Moitas grazas e unha aperta moi forte!!